


# Faro *da* Cultura

Vista de San Pedro de Montes (Valle del Silencio, León).

Na imaxe pequena: o sacerdote e escritor Pablo d'Ors.



Entre os libros “grandes vendas” insólitos dos últimos exercicios, cómpre salientar *Biografía del silencio*, de Pablo d'Ors (Siruela), que superou os cen mil exemplares desde a súa aparición en 2012. Tal circunstancia resulta ata certo punto sorprendente xa que se trata dun libro que reflexiona sobre a meditación, obviamente en silencio, como vía de perfeccionamento persoal. Esta obra pecha unha “Triloxía do silencio”. D'Ors (Madrid, 1963) é sacerdote católico e, por expresa designación do papa Francisco, conselleiro cultural do Vaticano.

E dicimos éxito sorprendente porque non deixando de ser unha experiencia persoal, fai evidente que hai un público desexoso de procurar a introspección e achegarse á espiritualidade fóra dos límites da relixión. Isto é un continuo de hai anos, cando a música new age impuxo a práctica de relaxación, continuadora de tantas doutrinas (a teosofía, o hippismo, a meditación transcendental, o ioga) debedoras dos movementos espiritualistas orientais.

Pablo d'Ors considera as dificultades que presenta o exercicio de meditar en silencio, especialmente porque non é doado autosoportarnos. Parte da premisa de que o exceso de experiencias provoca unha intoxicación. Contra iso, defende o principio fundamental da mística: deixar o superfluo. Preferencia, pois, pola calidade por riba da cantidade.

E é tal vez por esta reflexión e as que seguen que poderíamos entender o éxito da obra. Biografía del silencio, funciona –sen que esa sexa probablemente a vontade do seu autor– como un instrumento de autoaxuda, de procura da mellora da nosa condición persoal en tanto que individuos. Pero a experiencia vivida por Pablo d'Ors é válida para el e para aqueles –homes e mulleres– que fixeron da vida contemplativa unha maneira de vivir e de entrega aos outros pola vía da oración, cousa que non é nova no noso tempo: velaí a “Escola do silencio” promovida polo dominico leonés José Fernández Moratíel.

Nas sociedades occidentais contemporáneas, o silencio é un ben caro de acadar: o ruído nas rúas, nos edificios de veciños, nos transportes, nos concidadáns que atopamos. Procurar o silencio é unha empresa complicada porque as máis das veces non depende de nós. Non resulta imposible acadalo de maneira pasiva pero probablemente teñamos que instalarnos nunha contorna rural de baixa demografía. É daquela cando notaremos que o silencio doe, porque o noso ouvido xa non está afeito a el.

Tampouco resulta difícil saber reducir os elementos accesorios que nos acompañan (turismo, locais de moda, estar á última) se aspiramos a unha vida tranquila e sosegada. Obviamente, os máis dos mortais temos un



## A vía do silencio

Meditación e  
autoconecemento

JOAQUIM VENTURA

tempo de lecer finito e un espazo por coñecer (o mundo enteiro) que nunca seremos capaces de acadar.

Vivimos nun tempo e nunhas sociedades estresantes: os horarios, as persoas que dependen de nós, as distintas rivalidades (laborais, persoais), as adversidades de todo tipo. E fronte a esta desorganización vital hai persoas que, en troques de organizala de maneira racional e acougada, procuran compensala con paraísos artificiais: desde os estupefacientes ao ioga. En definitiva, outra maneira de alteración da conciencia.

Cabe supoñer que somos coñecedores dos nosos defectos, das nosas miserias, e –crentes ou non– temos que exercer o propósito de emenda. Pero iso non presupón procurar a perfección. E menos cando a introspección individual pode limitar as relacións cotiás. E tal vez procuramos o silencio para o noso cultivo e pracer: a lectura dun libro ou a audición de música.

Pero sen deixar de recoñecer a experiencia de Pablo d'Ors e as súas conclusións, a principal pregunta que temos que facernos é se queremos acadar a perfección persoal, a pureza de espírito. Esta vía de acadar o baleiro –propón D'Ors– ten como destino atopar a Deus, como cando entrou en María pola súa pureza. Obxectivo que pode ser válido para un católico pero non para os demais.

ARTE: LUÍS HUICI E  
O GRUPO ALFAR / PÁX. III

ENTREVISTA CO CRÍTICO DE CINE  
EDUARDO GALÁN / PÁX. V

MÚSICA: O NOVO ESPERTAR  
DE CUARTA XUSTA / PÁX. VIII